



CIRCULAR 29-2018.- IV CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS DE PROBAS COMBINADAS.-XIV CAMPIONATO DE GALICIA MÁSTER DE PROBAS COMBINADAS

Pontevedra, 7-8 de abril de 2018

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos asembleístas

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

Art.1) Os días 7 e 8 de Abril terá lugar o **IV Campionato de Galicia de clubs de probas combinadas (cadete/sub16 até absoluto) e o XIV Campionato de Galicia Máster de probas combinadas** no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra). O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Pontevedra.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das categorías cadete/sub16, xuvenil/sub18, junior/sub20, promesa/sub23, senior e máster que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- 1.-Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente á Galicia.
- 2.- Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
- 3.- Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.


Segundo acordo da Asamblea nos campionatos de probas combinadas individuais só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.

Art.3) No Campionato de **Galicia de Clubs** de probas combinadas poderán participar todos aqueles equipos masculinos ou femininos que inscriban un mínimo de 3 atletas en cada sexo.

Os atletas que non formen equipo poderán participar se están situados entre os 3 primeiros do ranking galego. A puntuación farase, puntuando 3 atletas independentemente da súa categoría dende cadetes ata absolutos. Os clubs que non terminen con 3 atletas non puntuarán.

Art.4) Os tres primeiros atletas veteranos clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla. No Campionato de Galicia de clubs de probas combinadas haberá trofeos para os tres primeiros clubs.

Art.5) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 3 de abril do 2018.



Art.6) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

1. Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
2. Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
3. Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.7) Os atletas deberán retirar o seu dorsal ata 45 minutos antes do inicio da primeira proba.

Art.8) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértiga, que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.9) Horario provisional.-1ª xornada.- sábado 7 de abril

HOMES		HORARIO	MULLERES	
		16:30	100 V (0,76)	Cadete
		17.30	100 V (0,76)	W40
		17:05	Altura	Cadete
		17.15	100 V (0.76)	Xuvenil
		17.25	100 V (0,84)	Jn/Pr/Sn/W35
100	Octathlon	17:30		
100	Decathlon	17:40		
		18.00	Altura	Xv/Jn/Pr/Sn/V
Peso	Octathlon	18.05	Peso	Cadete
Lonxitude	Decathlon	18.15		
Altura	Octathlon	19.00		
Peso	Decathlon	19.00		
		19:30	Peso	Xv/Jn/Pr/Sn/V
Altura	Decathlon	20.00		
Disco	Octathlon	20.00		
		s/h *	200	Xv/Jn/Pr/Sn/V
400	Decathlon	s/h *		



2ª xornada.- domingo 8 de abril

HOMES		HORARIO	MULLERES	
100 V (0,84)	M60-65	9:50	Lonxitude	Cadete
110 V (0,91)	Cd/M50-55	10:00		
110 V (0,91)	Jv	10:00		
110 V (0,99)	Jun/M35-45	10:10		
110 V (1,06)	Pr/Sn	10:15		
Pértega	Octathlon	10:25		
Disco	Decathlon	10:50	Xavalina	Cadete
		11:00	Lonxitude	Xv/Jn/Pr/Sn/V
Xavalina	Octathlon	11:20		
Pértega	Decathlon	11:30		
		12:10	Xavalina	Xv/Jn/Pr/Sn/V
Xavalina	Decathlon	12:50		
		s/h *	600	Cadete
1.000	Octathlon	s/h *		
		s/h *	800	Xv/Jn/Pr/Sn/V
1.500	Decathlon	s/h *		

* En función do remate das probas anteriores.- Conxuntamente celébrase o II Trofeo Escola de Marcha Atlética (ver circular 28/2018)

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A, R.F.E.A e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA



A Coruña, 26 de marzo de 2018